



- **Cantiga do mazarico-E.Pita-Espiral Maior:** Outro libro de poesía que che vai encantar e que lerás unha e outra vez. E, quen sabe? Darache ganas de escribir as túas primeiras poesías?



- **Verbas de sal- A. García Teijeiro-Xerais:** Tódalas vilas teñen o seu propio tolo, e Vilamollada, unha vila pequeniña á beira do mar, non ía ser menos. Pero, de verdade está tolo Don Evaristo?. Cando remates de ler o libro... a ver que opinas ti.



- **O peixe vermello-T.Yoo- Faktoría K:** Ramiro entra por 1ª vez na biblioteca do bosque cando acompaña ao seu avó. Alí perde ao seu amigo o peixe vermello e terá que mergullarse nos libros para buscalo. Un libro sobre bibliotecas!!!


E ademáis: Macarrón de narices, de X. Babarro, A maceira que daba calquera cousa menos mazás, de Pinto&Chinto. O gran libro dos medos do rato pequeno, de Emily Gravett ou Soño de pixamas, de F.Nuño.



2º CICLO

- **As outras historias-Paula Carballera-Galaxia:** Versos e personaxes que parecen os de sempre, coas súas historias de sempre, pero non, non o son. Este libro ten historias desas que ninguén sabe que existen.

- **Recendos de aire sonoro-A.García Teijeiro-Xerais:** Música e poesía para emocionarte, rock e violíns, Dylan e Beethoven, silenzos e sons.



- **Catálogo de obxectos rebuldeiros-P.Prestifilippo-Faktoría K:** Sen poder evitar divertirte acompañarás ao doctor Tito na expedición (de 2 anos de duración) que emprende pola súa casa, moi enfadado logo de ver un programa na tele. Queres saber por que e para que?

